

A POBRA**Doazón de sangue**

Unha unidade do Centro de Transfusión de Galicia estará mañá na vila pobrense para que os veciños que o desexen teñan ocasión de doar sangue. O autobús permanecerá de 10.00 a 14.00 e entre as 16.00 e as 21.00 horas na praza Alcalde Segundo Durán. O venres, trasladarase a Ribeira. Como é habitual, estará diante da residencia da terceira idade.

BOIRO**Curso de bordado por partida dobre**

O departamento de Servizos Sociais de Boiro é o promotor dos cursos de bordado que se van poñer en marcha este mes no municipio. Haberá un obradoiro na vila boirense e outro en Escarabote. As clases serán os luns e os martes, entre as 16.00 e as 20.00 horas. Os veciños que desexen sumarse teñen que dirixirse ao centro social.

**RIBEIRA**
Obradoiros de alfabetización dixital

Este venres concluirá en Ribeira o prazo para anotarse nos cursos de alfabetización dixital que se van desenvolver nas distintas parroquias. Está previsto que se impartan clases en Santa Uxía, Palmeira e Aguiño entre o vindeiro luns e o 16 de decembro. Son seminarios de 30 horas de duración, gratuítos e abertos ao público en xeral. As inscricións deben realizarse na aula multimedia.

RIANXO**Clase de jazz con Steve Brown**

O recoñecido guitarrista e compositor Steve Brown ofrecerá este sábado un curso intensivo de jazz na localidade rianxeira. O seminario desenvolverase entre as 16.00 e as 19.00 horas e terá un custe de cinco euros para o alumnado da escola local e de dez para o resto dos asistentes. O prazo para inscribirse concluirá o venres. Os interesados poden obter información no número de teléfono 671 058 555.



A rianxeira é unha das protagonistas da comedia que ven de estrear a compañía de Asados. SIMÓN BALVÍS

MARI SANTOS ACTRIZ**«O novo Airiños é moito máis vivo e dinámico»**

M. X. BLANCO
RIBEIRA / LA VOZ

É unha das veteranas de Airiños, pois subiu por vez primeira a un escenario no ano 1982. A vinculación de Mari Santos coa compañía de Asados comezou moito antes, pois o seu avó foi un dos fundadores do grupo e o seu pai, Xesús Santos, exerceu de director ata hai pouco. Quizais por iso, ela leva toda a vida ligada a unha agrupación que ven de iniciar unha nova etapa da man de Esther F. Carrodegas e coa estrea de *Ata que a morte nos separe*.

—¿Lémbrase dos seus comezos en Airiños?

—Penso que a primeira foto miña enriba dun escenario é do 1981. Daquela acudía aos ensaios cos meus pais. Ao ano seguinte participei xa na obra *Xantar de memoria*. Eu era unha vendedora de calzado nunha feira.

—O feito de que os seus pais e incluso o seu avó estiveran vinculados ao teatro, ¿foi determinante para vostede?

—Por suposto. Desde pequeniña ía aos ensaios e ás actuacións, pero tamén vía na casa o traballo diario que se facía relacionado co teatro, desde miña nai facendo roupa ata meu pai preparando carteis e papeis.

—¿Como foi a evolución da compañía desde os anos oitenta ata a actualidade?

—En termos xerais, foi ascendente, pero tivo algún altibaxo. Cando se inaugurou o centro cultural, en 1981, rexurdiu a compañía e ingresou xente nova. Quizais logo baixou un pouco pero logo, sobre o 2000, coa escola de teatro, volveu a coller pulo. Agora mesmo hai desde rapaces de sete anos ata maiores de máis de oitenta.

—¿Está entón garantido o futuro do grupo?

—Sí, xa non só pola cantidade de xente que hai, senón tamén pola incorporación da nova directora.

—¿Como cualificaría vostede esta nova etapa de Airiños?

—O novo Airiños é moito máis vivo e dinámico, introduce elementos como a música e o baile, que ata agora estaban deixados de lado. Aínda que a obra que vimos de estrear, *Ata que a morte nos separe*, segue a liña das anteriores en canto que se trata dunha comedia, vese que hai unha evolución.

—E a nivel persoal, ¿como leva o cambio de dirección?

—Quizais mellor, porque antes, co meu pai de director, había discusións ou pequenos conflitos que levábamnos para a casa. Creo que, en xeral, o cambio foi beneficioso para todos. Eran xa moitos anos xuntos e había demasiada confianza. Penso que agora hai máis respecto cara a directora.

—¿Están xa pensando nunha nova obra?

—Aínda non, pois temos un número importante de actuacións concertadas coa función que presentamos o pasado venres en Ribeira. Este fin de semana estaremos en Rianxo e logo, en Porto do Son, en Ferrol e en cinco ou seis vilas máis.

—¿Cal é o seu personaxe nesta función?

—Eu son Valentina, a moza dun herdeiro. O que máis me gusta deste personaxe son os cambios, pois na obra aparecen épocas moi distintas da súa vida.

—Se lle deixaran elixir texto, ¿por cal se decantaría?

—A min gustaríame repetir *A fraga desanimada*, unha obra do meu pai que foi estreada no seu día pero da que fixemos moi poucas representacións.

—O teatro venlle de familia pero, ¿que foi o que realmente a enganchou?

—Penso que o principal é a unión que hai entre a xente que colabora con este proxecto e as gañas que hai de dar a coñecer a cultura galega.

—¿É Airiños algo así como unha gran familia?

—Sí, sen dúbida. Airiños é moito máis que unha compañía de teatro, é un grupo de xente que traballa de forma conxunta. Pertencer a esta agrupación é algo moi grande.

DESDE FUERA**Barbanza y su movida**

Cada día lamentamos máis esa actitude tan recreada hoy en toda Galicia y en el conjunto de España de jóvenes apostados, «apuntalados», a la puerta de un bar, cafetería o pub con las «litronas minis». Se trata de una moda que se ha adueñado de las calles y plazas de nuestras villas y ciudades durante la década de los noventa y parece que, si Dios y las autoridades no lo remedian, amenaza con no tener fin en el transcurso del actual siglo XXI.

La juventud empieza a convertirse en un verdadero problema que afecta a casi todas las localidades del litoral barbanzano por lo de perturbador que tiene para los vecinos que padecen sus efectos, además de contribuir a potenciar un hábito social nada recomendable en una zona en la que, en los últimos veinte años, ha crecido de manera alarmante el consumo de alcohol. Ha ocurrido especialmente en poblaciones como Rianxo, Boiro, A Pobra, Ribeira, Porto do Son y Noia; sobre todo en chicos y chicas cada vez más jóvenes (existen datos que hablan de que la edad de iniciación en el consumo de bebidas alcohólicas ha descendido hasta los 12 años).

Las autoridades competentes tienen que ponerse de acuerdo, aunque sean de diferentes ideologías, y no andarse por las ramas para tratar de conseguir que se haga efectiva la prohibición de ingerir alcohol en la vía pública. También es necesario una revisión de las actuales ordenanzas municipales para tratar de erradicar de una vez por todas la estampa de jóvenes bebiendo en las calles. Sería una reacción loable ante un tipo de actitudes que supone el rechazo unánime por parte de todos los responsables del bienestar público.

Esta moda significa, sin duda alguna, un ejercicio muy peligroso y de consecuencias que aún están por determinar. Los efectos del alcohol en los más jóvenes pueden ser nefastos a la larga y todos deberíamos tratar de poner freno a esta situación en la medida que nos toca, con el fin de acabar de una vez por todas con el abuso del alcohol en Barbanza.